

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 21 DE NOVEMBRO DE 2006.-**

**Presidente:**

Sr. Alcalde-Presidente  
D. Xosé María Rivera Arnosó.

**Asistentes:**

D. Xosé María Permuy Martínez.  
D. Andrés González Vizoso.  
D<sup>a</sup> Alicia Martínez González.  
D. Xosé Anxo González Tomé.  
D. Manuel V. Pico Sanmartín.  
D<sup>a</sup> Rita María Couto Seijido.  
D. José Iván Puentes Rivera.  
D. Manuel Angel Rodríguez Carballeira.  
D<sup>a</sup> Carmen Goti Ramil.  
D. Carlos García Bermúdez.  
D. Jorge Luis Yáñez Fernández.  
D<sup>a</sup> Purificación Rodríguez Rico.  
D<sup>a</sup> Isabel Blanco Pico.  
D<sup>a</sup> Amalia Malvar Fernández.  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral.  
D. Manuel Sánchez Martínez.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezoito horas e cinco minutos do día vintedous de Novembro de dous mil seis, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Xosé María Rivera Arnosó, e coa asistencia dos/as Concelleiros/as Don Xosé María Permuy Martínez, Don Andrés González Vizoso, Dona Alicia Martínez González, Don Xosé Anxo González Tomé, Don Manuel V. Pico Sanmartín, Dona Rita María Couto Seijido, Don José Iván Puentes Rivera, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Dona Carmen Goti Ramil, Don Carlos García Bermúdez, Don Jorge Luis Yáñez Fernández, Dona Purificación Rodríguez Rico, Dona Isabel Blanco Pico, Dona Amalia Malvar Fernández, Dona M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión, a interventora do Concello D<sup>a</sup> Águeda Bello Valdés, e actúa como secretaria Dona Pilar María Pastor Novo, secretaria do Concello, que da fe do acto.

**Interventora:**

D<sup>a</sup> Águeda Bello Valdés.

**Secretaria:**

D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

**PUNTO ÚNICO.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS.-**

Seguidamente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda, Programación, Estatística e Patrimonio de data 17 de Novembro de 2006 que transcrito di:

“A Comisión Informativa de Facenda, Programación, estatística e Patrimonio, en sesión extraordinaria e urxente celebrada o día dezasete de novembro de dous mil seis, en votación ordinaria e maioría de dous votos a favor e tres abstencións adoptou o seguinte dictame:

**“2) Dictamina-las modificacións das Ordenanzas fiscais 2007.**

A Sra. Interventora procede a dar lectura a proposta, que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS QUE REALIZA A COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, PROGRAMACIÓN, ESTATÍSTICA E PATRIMONIO.

Visto o Informe de Intervención Municipal de data 13 de novembro de 2006, propónse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente as modificacións dos artigos das ordenanzas fiscais que a continuación se especifican:

ORDENANZA Nº1 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLA APERTURA DE ZANXAS E CALICATAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL, INCLUSIVE CARRETERAS, CAMIÑOS E DEMAIS VIAS PÚBLICAS LOCAIS, PARA A INSTALACIÓN E REPARACIÓN DE CONDUCCIÓN E OUTRAS INSTALACIÓN, ASÍ COMO CALQUERA REMOCIÓN DO PAVIMENTO OU BEIRARRUAS NA VIA PÚBLICA.

## **FUNDAMENTO LEGAL**

### **ARTIGO 1º.-**

De conformidade co previsto no artigo 57 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais este Concello establecece a *taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local pola apertura de zaxas e calicatas en terreos de uso público local, inclusive carreteras, camiños e demais vías públicas locais, para instalación e reparación de conduccións e outras instalacións así como calquera remoción do pavimento ou beirarrúas na vía pública.*

## **RESPONSABLES**

### **ARTIGO 4º.-**

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria, conforme co establecido no artigo 42 da LXT.

2.- Responderan subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo todas as persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria, conforme co establecido no artigo 43 da LXT.

### **ARTIGO 5:**

3.- As Tarifas da taxa serán as seguintes:

Epígrafe A): Concesión da Licencia de obra na vía pública.-

Cobrase un 4,87 por 100 sobre o custo real e efectivo da obra, para apertura de calas ou zaxas, reparación de averías, novas acometidas, etc.

Epígrafe D): Indemnización por depreciación ou deterioro da vía pública.

Epigrafe D): Indemnización por depreciación ou deterioro da vía pública.	Tarifa
1.- Por cada metro cadrado de zanja aberta en terra, aínda que a reconstrución a efectúe o interesado...	0,15
2.- Por cada metro lineal de bordillo sobre beirarrúa...	0,65
3.- Por cada metro lineal de bordillo sobre formigón..	0.92
4.- Por cada metro cadrado de beirarrúa pavimentada, calquera que sexa o da mesma....	1.10
5.- Por cada metro cadrado de afirmado de macadám ordinario....	0.47
6.- Por cada metro cadrado de empedrado sobre formigón...	1.10
7.- Por cada metro cadrado de empedrado sobre beirarrúa...	0.58
8.- Por cada metro cadrado de pavimento de asfalto ou loseta asfáltico sobre formigón...	1.49
9.- Por cada metro cadrado de rego asfáltico sobre macadám...	0.82
10.- Por cada metro cadrado de beirarrúa na que se teña construído somentes a capa de rodadura conservando o formigón de cemento...	0.40
11.- Por cada metro cadrado de firme de formigón...	0.66

Eliminación do punto final do artigo 5 onde di: "As obras que se executan co fin de instalar melloras ou correxir servizos públicos municipais, terán unha redución do 50 por 100."

ORDENANZA Nº2: REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E CULTURAIS MUNICIPAIS ASÍ COMO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIOCULTURAIS, DEPORTIVOS E DE LECER.

### **Fundamento legal.**

#### **Artigo 1º .**

Consonte co previsto no artigo 57 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais, así como pola prestación de servizos socioculturais, deportivos e recreativos.

#### **Artigo 1.1.-**

As entidades que utilicen os pavillóns para os seus adestramentos e partidos de competición ao longo da tempa estarán obrigados a subscribir a correspondente póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil por danos propios e a terceiros cunha cobertura mínima de 300.000 euros presentando copia da póliza e do pagamento do último recibo no momento de facer a solicitude da instalación. Quen non o fixeran para a tempada anterior teñen de prazo até 30 de xaneiro do ano en curso para facelo.

ORDENANZA Nº3: REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DOS POSTES PARA LINEAS, CABLES, PALOMILLAS, CAIXAS DE AMARRE, DE DISTRIBUCIÓN, OU DE REXISTRO, RIELES E OUTROS ANÁLOGOS QUE SE ESTABLEZAN SOBRE VÍAS

PÚBLICAS OU OUTROS TERREOS DE DOMINIO PUBLICO LOCAL OU VOEN SOBRE OS MESMOS.

**FUNDAMENTO LEGAL.-**  
**ARTIGO 1º.-**

De conformidade co previsto no artigo 57 do R D Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establecece a *taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local dos postes para líneas, cables, palomilla, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, rieles e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público local ou voen sobre os mesmos.*

2.- A cuota tributaria consistirá na cantidade resultante de fixar unha tarifa e calcularase dacordo cos conceptos e importes establecidos nos correspondentes números da mesma, según o seguinte:

ZONA	VALOR UNITARIO POR M2 DE SUPERFICIE OCUPADA	CUSTO FINANCIERO
1ª	Postes	1.73
	Cables	2.45
	Rieles e palomillas	1.22
2ª	postes	1.45
	cables	2.05
	rieles e palomillas	1.29
3ª	postes	2.78
	cables	1.41
	rieles e palomillas	0.73
4ª	postes	0.67
	cables	0.34
	rieles e palomillas	0.18

ORDENANZA Nº4 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL POLAS ENTRADAS DE VEHICULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS, E RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHICULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCANCIAS DE CALQUERA CLASE.

**FUNDAMENTO LEGAL**

**ARTIGO 1º.-**

De conformidade co previsto no artigo 57 do R D Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, , este Concello establecece a *taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercancias de calquera clase.*

**FEITO IMPOÑIBLE**

#### **ARTIGO 2º.-**

Constitue o feito imponible da taxa o aproveitamento especial que ten lugar pola entrada de vehículos a traves das beirarrúas e a reserva de via pública para aparcamentos exclusivos, carga e descarga de mercancias de calquera clase.

#### **RESPONSABLES**

##### **ARTIGO 4º.-**

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo conforme o establecido no artigo 42 da LXT.

2.- Responderán subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo conforme o establecido no artigo 43 da LXT.

3.- A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e con arranxo ó procedemento previstos na nova Lei Xeral Tributaria 58/03.

##### **ARTIGO 5º.-**

1.- A cuota tributaria consistirá na cantidade resultante de fixar unha tarifa e calcularase dacordo cos conceptos e importes establecidos nos correspondentes números da mesma, según o seguinte:

##### **Tarifa Primeira:**

<b>Por cada entrada ó ano:</b>	<b>Euros</b>
Almacens ó por maior e fábricas	210.73
Empresas de transportes de viaxeiros e mercancias	348.58
Establecementos de exposición e venda de vehículos automóviles	90.25
Garaxes industriais e particulares o ano: Por cada vehículo que, de conformidade coa licenzia obtida, poda aparcar, 12.57 € cun mínimo de	38.81
Talleres: Mecánicos e de servizos de reparación, pintura e lavados e outros similares	107.84
Outras actividades de tipo comercial:	107.83

ORDENANZA Nº5: REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR OCUPACIÓN DE SUBSOLO, SOLO E ESPAZO AEREO EN SUPERFICIES DE USO PÚBLICO LOCAL.

#### **Fundamento legal**

##### **Artigo 1º.**

De conformidade co previsto no artigo 57 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais este Concello establece a *taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local pola ocupación do subsolo, solo e espazo aéreo en superficies de uso público local.*

## Feito imponible

### Artigo 2º.

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo solo e voo da vía pública.

### Artigo 5º

3.- A cota tributaria consistirá na cantidade resultante de fixar unha tarifa e calcularase de acordo cos conceptos e importes establecidos nos correspondentes números da mesma, segundo o seguinte cadro:

Tarifa	Concepto	Zonas 1, 2 e 3	Zonas 4, 5 e 6	Zona 7	Zona 8
1.Palomillas, rieles, transformadores,caixas de amarre, distribución e de rexistro, cabos, tubos, e outros elementos análogos	Tubos de conducción de auga de menos 50 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e semestre	0.27	0.16	0.10	0.53
	Tubos de conducción de auga de 50 mm até 150 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e semestre	0.53	0.32	0.22	1.07
	Tubos de conducción de auga de máis de 150 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e semestre	0.80	0.48	0.32	1.60
	Cabos de conducción eléctrica soterrados, por m lineal ou fracción e semestre	0.27	0.16	0.10	0.53
	Cabos de conducción telefónica e/ou telemática (voz e datos) soterrados, por m lineal ou fracción e semestre	0.53	0.32	0.22	1.07
	Tubos de conducción de gas de 50 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e semestre	0.53	0.32	0.22	1.07
	Tubos de conducción de gas de 50 mm até 150 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e semestre	1.07	0.33	0.43	2.14
	Tubos de conducción de gas de máis de 150 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e semestre	2.14	1.29	0.85	4.28

	Outros cabos non especificados nesta tarifa, por m lineal ou fracción e semestre	0.80	0.48	0.32	1.60
	Outros tubos non especificados nesta tarifa, por m lineal ou fracción e semestre	3.20	1.92	1.28	6.41
2. Grúas, guindastres e outros elementos análogos	Por cada elemento no que o brazo ou pluma ocupe no seu percorrido o voo da vía pública, por semestre	128.17	64.08	32.04	213.62
3. Depósitos	De combustíbel, por m3 de Capacidade	2.67	1.60	1.07	5.35
	De outras substancias, por m3 de capacidade	1.33	0.80	0.53	2.67

ORDENANZA Nº6: REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PUBLICO LOCAL, CON MERCANCIAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, VALLAS, PUNTAIS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANALOGAS.

#### FUNDAMENTO LEGAL.-

##### ARTIGO 1º. -

De conformidade co previsto no artigo 57 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establecece a *taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local pola ocupación de terreos de uso público local, con mercancías, materiais de construción, vallas, puntais, andamios e outras instalacións análogas.*

#### CUOTA TRIBUTARIA.-

##### ARTIGO 10º.-

A cuota tributaria consistirá na cantidade resultante de fixar unha tarifa e calcularase atendendo ás características da vía na que se realice a ocupación.

A tal fin as rúas do municipio clasificaranse nas categorías que figuran de seguido.

Nos supostos en que o espacio afectado figure na confluencia de dúas ou mais rúas clasificadas en distintas categorías, aplicarase a tarifa correspondente á rúa de categoría superior.

ZONA	DESCRIPCION DO TIPO DE RUA	CUSTO OCUPACION M2/MES EUROS
A	Zona Industrial (numero 8 ) tal e como figura na clasificación do Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral.	4.68
B	Zonas 1 , 2, 3 segundo a clasificación do Anexo da	4.21

	Ordenanza Fiscal Xeral	
C	Zonas 4, 5 , 6, segundo a clasificación do Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral	2.93
D	Zona rural (numero 7) do Anexo da Ordenanza Fiscal Xe-Ral	2.01

ORDENANZA Nº10: REGULADORA DA TAXA POLA TASA DE MASAS ARBOREAS E DA PROTECCIÓN DE ARBORES E PRANTAS NO TERMINO MUNICIPAL.

#### **FUNDAMENTO LEGAL.**

##### **ARTIGO 1º.-**

De conformidade co previsto no artigo 57 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a *taxa pola tala de masas arboreas e da protección de árbores e prantas no término municipal.*

##### **ARTIGO 5º.-**

A cuota tributaria consistirá na cantidade resultante de fixar unha tarifa e calcularase dacordo cos conceptos e importes establecidos nos correspondentes números da mesma, según o seguinte:

A tarifa a aplicar será a de 0.39 euros por cada 1000 kg, según a base de pesaxe que figure no escrito de autorización que expida para tal finalidade a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia.”

ORDENANZA Nº12: ORDENANZA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DAS LICENCIAS URBANISTICAS ESIXIDAS POLA LEXISLACIÓN DO SOLO E O ORDENAMENTO URBAN.

#### **FUNDAMENTO LEGAL.-**

##### **ARTIGO 1º.-**

De conformidade co previsto no artigo 57 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa polo outorgamento das licencias urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e o ordenamento urbán.

##### **FEITO IMPOÑIBLE.-**

##### **ARTIGO 2º.-**

Constitue o feito imponible a actividade municipal, técnica e administrativa, realizada para verificar se os actos de edificación e uso do solo se axustan a normas urbanísticas. No caso de que a licenza teña como feito imponible a expedición de licencia de primeira utilización ou ocupación de edificios, estarase o recollido na ordenanza fiscal nº 21.”



ORDENANZA Nº13: REGULADORA DA TAXA POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDAN OU DE QUE ENTENDAN A ADMINISTRACIÓN OU AS AUTORIDADES MUNICIPAIS, A INSTANCIA DE PARTE.

## FUNDAMENTO LEGAL

### ARTIGO 1º.-

De conformidade co previsto no artigo 57 do RD Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en este Concello establecece a *taxa polos documentos que expidan ou de que entendan a Administración ou as autoridades locais, a instancia de parte.*

## BASE IMPOÑIBLE E CUOTA TRIBUTARIA.

### ARTIGO 5º.-

1.- Constituirá a base da presente taxa, a natureza dos expedientes a tramitar e dos documentos a expedir.

2.- A cuota tributaria se determinará por unha cantidade fixa sinalada , según a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coas tarifas que se relacionan a continuación:

## 2.1.- T A R I F A

<b>I.- Documentos expedidos ou extendidos polas oficinas municipais</b>	<b>Euros</b>
Por cada contrato administrativo que se suscriba de obras, bens ou servicios	109.78
Por cada cambio de titularidade de licencia de apertura de establecementos	76.13
Documentación do arquivo, por cada folio	1.66
Expedición de copias de atestados realizados pola Policía Local	20.97
<b>II.- Documentos expedidos pola Secretaria Xeral ou Intervención</b>	
Bastanteo de poderes	33.21
Certificacións urbanísticas: antigüedad do inmovible, etc. por unidade	23.16
Certificacións referencias catastrais, por unidade	13.79
Xustificante acreditativo do pago de Impostos e Taxas	4.03
Compulsa de documentos, por folio	0.77
<b>III.- Documentos relativos a servicios urbanísticos</b>	
Cédulas de calificación urbanística	13.79
Solicitudes varias: Parcelacións, segregacións, información urbanística, etc. por cada unha	9.16
Por expedición de copias de planos do termo municipal, existentes nas oficinas (a partir de 10 copias, mínimo <b>2.2 euros</b> )	0.226
Follas según tamaños	
* Follas de tamaño DIN A4 (a partir de 10 copias, mínimo <b>0.53 euros</b> )	0.054
* Follas de tamaño DIN A3 (a partir de 10 copias, mínimo <b>0.80 euros</b> )	0.08

<b>I.- Documentos expedidos ou extendidos polas oficinas municipais</b>	<b>Euros</b>
Por expedición de copias ou impresión de documentos na biblioteca municipal e na aula informática	
Fotocopias de follas Tamaño DIN A4	0.05
Fotocopias de Tamaño DIN A 3	0.08
Impresión de Boletins e documentos oficiais e apuntamentos (este prezo cada folia a partir da quinta, mínimo <b>1.6 euros</b> ).	0.33
Impresión de currículos ( este prezo cada folia a partir da décima, mínimo <b>3.2 euros</b> )	0.33
documentos en soportes informaticos (cd, dvd, disket,etc)	2.00
<b>IV.- Documentos que a súa realización implican desprazamento fora do termo municipal</b>	
Follas según tamaños	
* Follas de Tamaño DIN A2: 1ª copia: 3.22euros Seguintes: 3.22 euros mais 0.61 €por nº de copias	
* Follas de Tamaño DIN A1: 1ª copia: 3.83 euros Seguintes: 3.83 euros mais 1.23 €por nº de copias	
* Follas de Tamaño DIN A0: 1ª copia: 4.45 euros Seguintes: 4.45 euros mais 1.85 €por nº de copias	

### **(\*)ARTIGO 8**

Os escritos recibidos polos conductos ós que fai referencia o artigo 38.4 c) da Lei de Procedemento Administrativo que non veñan debidamente reintegrados,...

### **INFRACCIONS E SANCIONS.**

#### **ARTIGO 9º.-**

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria 58/03, conforme se ordena no artigo 11 do Rd Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e o que dispoña a Ordenanza Xeral de Inspeccion, Xestión e Recadación”

ORDENANZA Nº14:REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DE LICENCIAS OU AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS DE AUTOTAXIS E DEMAIS VEHICULOS DE ALUGUER.

#### **FUNDAMENTO LEGAL.-**

#### **ARTIGO 1º.-**

De conformidade co previsto no artigo 57 RD Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establecece

a taxa polo outorgamento das licenzas ou autorizacións administrativas de autotaxis e demais vehículos de aluguer.

**ARTIGO 6.2)**

Dacordo cos conceptos e importes establecidos nos correspondentes apartados da mesma, segundo a seguinte:

**T A R I F A**

<b>CONCEPTO</b>	<b>EUROS</b>
A) Concesión, expedición e rexistro de licencias. Por cada licencia	242.74
B) Sustitución de vehículos. Por cada licencia	49.64

**EXENCIONS E BONIFICACIONES.-**

**ARTIGO 7º.-**

Non se concederá ninguna bonificación ou exención que non se prevea nas leis ou tratados internacionais.

**ORDENANZA Nº15: REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS**

**ARTIGO 1º.-**

De conformidade co previsto no artigo 57 do RD Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establecece a taxa polo outorgamento das licenzas de apertura de establecementos.

**ARTIGO 7.3**

**3.- Tarifas Especiais:**

a) Cando se solicite a apertura dun local que teña instaladas máquinas electrónicas, eléctricas ou mecánicas de xogo, ademáis da aplicación das tarifas contidas no primeiro e segundo párrafo do artigo 7º desta ordenanza, según o caso, abonaranse por unidade de máquina instalada:

	<b>EUROS</b>
Aparatos mecánicos sen propósito de lucro	47.78
Máquinas electrónicas ou eléctricas sen propósito de lucro	87.71
Máquinas con propósito de lucro	219.57

c) Tarifa especial polo feito de apertura ou funcionamento de tres ou mais máquinas electrónicas, eléctricas ou mecánicas de xogo, no mesmo local e ésta constitúa a súa actividade principal:

En calquera categoría ..... 1634.05 euros “

ORDENANZA Nº16: REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS NO CEMITERIO MUNICIPAL.

### **Fundamento legal**

#### **Artigo 1º.**

De conformidade co previsto no Art. 57 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a *taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal*.

**ARTIGO 2:** eliminamos os puntos 2 a 5  
Engadimos artigos 3 e 4.

### **Devengo**

#### **Artigo 3**

As taxas devengarase no momento da obtención da autorización municipal para a utilización de calquera dos servizos enumerados no artigo 1º.

Independentemente do anterior, e ao abeiro do disposto no Art. 26 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, a taxa liquidarase cando se presente a solicitude que inicie o expediente.

### **Condicións da concesión**

#### **Artigo 4**

1.- A concesión de nichos entenderase a perpetuidade.

O dereito que se adquire polo pagamento da tarifa correspondente a nichos e cinceiros non é estritamente o da propiedade física do terreo, senón o da conservación a perpetuidade dos restos nos devanditos espazos polo tempo que preste servizo o cemiterio, sempre e cando os titulares desta clase de sepulturas satisfagan os dereitos e cumpran as normas que a este efecto se establecen nesta Ordenanza.

2.-.- Os criterios para a concesión de nichos que se realicen en novas promocións rexeranse en cada momento polo que determine o Pleno da Corporación Municipal.

Para a adxudicación de ocos incluídos na reserva municipal, tendo en conta a excepcionalidade e o carácter restrinxido que esta ten, seguirase un criterio baseado na adxudicación correlativa das existencias mais antigas atendendo aos criterios de orde alfabética das mazás e numérica dos nichos.

## Cota tributaria

+

### Artigo 7º.

A cota tributaria determinarase por aplicación da seguinte tarifa:

Servizo	Concepto	Cota
Inhumacións ou exhumacións	Licenza	96.13
Concesión de nichos	Tarifa de referencia	623.77
	Nicho intermedio (110%)	650.47
	Nicho superior (100%)	623.77
	Nicho inferior (90%)	592.80
Transmisión da titularidade	Mortis causa (5% da tarifa de referencia da concesión)	32.04
	Inter vivos (20% da tarifa de referencia da concesión)	128.17
Conservación e vixilancia	Por cada nicho	12.50
	Colocación de lápidas e ornamentos	12.98
Utilización do fogar funerario	Por día	160.21
Transporte ao cemiterio	Viaxe de ida e volta	2.14

## NORMAS SOBRE A COLOCACIÓN DE LOUSAS.

### Artigo 8.-

As normas que deberán observarse para a colocación de lousas nas frontes dos nichos son as seguintes:

1.- As obras complementarias nos nichos poderán ser: inscricións, cruces, urnas, lápidas e recubrimento ou aplacado das andanas, hastiais e repisas, de acordo coa nomenclatura do debuxo anexo.

2.- Hastiais (1): Manteranse libres de ornamentación e revestiranse de aplacado de granito tipo "labrador claro" ou similar, dun espesor que non supere os 3 cm. Levarán na súa parte superior un aleiro ou voadizo a bases de dúas pezas do mesmo material, superpostas Segundo detaie B-B' sinalado no debuxo; non levarán resaltes entre ringleiras consecutivas.

3.- Repisas (2 e 4), andanas (3) e zócalos (5): Os materiais empregados nestas zoas, serán os mesmos que no caso anterior. As repisas axustaránse ós detaies C e D do debuxo e os zócalos ó detaie E do mesmo; nestes, dada a imposibilidade de manter a mesma medida en altura en toda a lonxitude dunha mesma fila, procurarase mante-la continuidade gardando a alineación na parte alta do zócalo; ó igual que nas repisas, non se permitirán resaltes en ringleiras consecutivas.

Nos nichos individuais, para colocar as andanas verticais, resulta preciso o acordo entre os tres propietarios dunha mesma fila, có fin de que as tiras sexan dunha soa peza, tal e como se indica no debuxo, e manténdose a homexeneidade dos materiais a empregar, que serán os especificados anteriormente. Nestes nichos, o custo de colocación do hastial, así como o da

lápida do cinzeiro e zócalo, repartirase entre os tres propietarios e a súa colocación farase ó mesmo tempo que as das lápidas.

4.- Lápidas de nichos e cinzeiros (6): serán de composición a elixir libremente en cor branca ou negra, sendo recomendábel esta última. Nos nichos individuais, rexerán as mesmas normas, debendo poñerse de acordo os propietarios dunha mesma fila en canto á elección da cor, có fin de evitar a multiplicidade de cores.

5.- As inscricións, cruces, signos, floreiros, capelas e demais elementos de decoración e identificación, elixiranse libremente, quedando á vontade dos interesados o colocalos ou non, se ben no caso de dispoñerse algún dos ditos elementos, a súa situación na lápida axustarase en tódo-los casos, e na medida do posíbel, ao que se contempla no planoo adxunto, coidando que se garden a mesma alineación entre ringleiras consecutivas, no referente ao voo destes elementos con respecto á lápida.

Nas lápidas individuais, pode optarse pola colocación dun ou varios dos elementos mencionados, para os que rexerá a mesma normativa en canto ao voo.

## ORDENANZA Nº18: REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DOS MESMOS

### Exencións

#### Art.5

1. Ó amparo do establecido no apartado 4, do art.24 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, gozarán de exención subxectiva os seguintes contribuíntes;

.-Persoas con ingresos iguais ou inferiores ó salario mínimo interprofesional vixente en cada momento, e para toda a unidade familiar.

.-Aboados e titulares dos servizos que se confeccionen segundo o padrón de parados e pensionistas vixentes, ou altas novas.

.- Pensionistas con ingresos iguais ou inferiores á pensión mínima da Seguridade Social, para toda a unidade familiar.

Para ter dereito á obtención deste beneficio o interesado deberá acredita-las condicións que motiven o seu outorgamento, presentando a documentación que se estime oportuna ó efecto.

2. Sen perxuicio do disposto no párrafo anterior, non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos na normativa con rango de lei e as que se deriven da aplicación de Tratados Internacionais

### Cota tributaria

#### Artigo 6º.

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles ou locais, a tal efecto se aplicará a seguinte tarifa xeral en concepto de cota anual:

<b>Tarifas Vivendas</b>			
<b>Tipo de servizos</b>			<b>Importe</b>
Zoa 1 - (1 ou 2 días de recollida de lixo ordinario por semana)			<b>72,03 €</b>
Zoa 2- (3 ou máis días de recollida de lixo ordinario por semana)			<b>84,38 €</b>
<b>Tarifas establecementos comerciais</b>			
<b>Tipo establecemento</b>	<b>Importe</b>	<b>Tipo establecemento</b>	<b>Importe</b>
Asociacións e Sociedades sen ánimo de lucro	<b>72,03€</b>	Pequenos talleres e talleres mecánicos	<b>177,58 €</b>
Academias	<b>127,80 €</b>	Perruquerías	<b>177,58 €</b>
Auto-escolas	<b>127,80 €</b>	Refugallo	<b>177,58 €</b>
Outras actividades sanitarias( Fisioterapia, consultorio de a.t.s., consultorio médico, óptico, podólogo, terapias alternativas...).	<b>127,80€</b>	Tintorerías	<b>177,58 €</b>
Concesionarios vehículos	<b>127,80 €</b>	Xestorías ..	<b>177,58 €</b>
Despachos profesionais	<b>127,80 €</b>	Zapaterías	<b>177,58 €</b>
Librerías pequenas	<b>127,80 €</b>	Almacéns pintura	<b>247,38 €</b>
		Cafeterías espec, discotecas..	<b>247,38 €</b>
	<b>127,80 €</b>	Clínicas médicas, Dentistas,Odontólogos	<b>247,38 €</b>
Quioscos, mercerías		Colexios	<b>247,38 €</b>
Reloxerías e xoierías	<b>127,80 €</b>	Cristalerías	<b>247,38 €</b>
Xastrerías	<b>127,80 €</b>	Fábrica aluminios	<b>247,38 €</b>
		Farmacias	<b>247,38 €</b>
Tendas glosinas	<b>127,80 €</b>	Grandes talleres	<b>247,38 €</b>
Video	<b>127,80 €</b>	Hostais	<b>247,38 €</b>
Vídeo e fotografía	<b>127,80 €</b>		<b>247,38 €</b>
Ximnacios		Hostais con restaurante	<b>247,38 €</b>
Almacéns	<b>177,58 €</b>	Imprentas e Seregrafías	<b>247,38 €</b>
Almacéns ó por miúdo	<b>177,58 €</b>	Industrias	<b>247,38 €</b>
Autoaccesorios	<b>177,58 €</b>	Librerías grandes	<b>247,38 €</b>
Bancos	<b>177,58 €</b>	Librerías só venda libros	<b>247,38 €</b>
Barberías	<b>177,58 €</b>	Panaderías	<b>247,38 €</b>
Café-bar	<b>177,58 €</b>	Supermercados medianos	<b>247,38 €</b>
Carnicerías	<b>177,58 €</b>	Tapicerías	<b>247,38 €</b>
Floristerías	<b>177,58 €</b>	Ferreterías	<b>287,09 €</b>
Garaxes colectivos	<b>177,58 €</b>	Grandes almacéns	<b>287,09 €</b>
Garderías	<b>177,58 €</b>	Moblerías	<b>287,09 €</b>
Herboristerías	<b>177,58 €</b>	Restaurantes, discotecas	<b>287,09 €</b>
Librerías medianas	<b>177,58 €</b>	Gasolineiras	<b>327,63 €</b>
		Hoteis	<b>327,63 €</b>
Manipulación chatarra e venda ó por maior	<b>177,58 €</b>	Salas de Festa	<b>398,22€</b>
Mesóns e tabernas	<b>177,58 €</b>	Supermercados grandes	<b>507,04 €</b>
Pastelerías/confeiterías	<b>177,58 €</b>	Hipermercados	<b>617,40 €</b>
Pastelerías/confeiterías (forno)	<b>177,58 €</b>		
Peixerías	<b>177,58 €</b>		
Pensións	<b>177,58 €</b>		
Pequenas ferreterías	<b>177,58 €</b>		
Dentistas, Odontólogos	<b>177,58 €</b>		

No caso das vivendas, a tarifa aplicarase ó enderezo que figura no recibo emitido en base ós datos da Planimetría do Roteiro Municipal vixente.

No caso da empresa NAVANTIA aboarase a tarifa por cada un dos establecementos segundo os puntos de recollida de lixo establecidos dentro do recinto industrial.

As empresas e negocios que posúan varios establecementos aboarán unha cota corresponde á suma das taxas correspondentes a cada establecemento individual.

Os locais que sexan utilizados indistintamente como vivenda e negocio aboarán a cota correspondente á actividade económica principal que desenvolvan.

No caso de exercer un mesmo suxeito pasivo, nun mesmo local, máis dunha actividade, lle será aplicada a maior das tarifas correspondentes a ditas actividades.

ORDENANZA Nº19:REGULADORA DA TAXA POLOS SERVICIOS ASOCIADOS Á CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVIS NAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS.

#### **Cota tributaria**

#### **Artigo 4º.**

A cota pola prestación do servizo sinalada no Art. 2 da presente ordenanza ascende a:

<b>Suposto</b>	<b>Cota</b>
Se algún dos contraentes está empadroado no Concello de Fene	61.74
No caso contrario	82.32

ORDENANZA Nº21:ORDENANZA REGULADORA DO OUTORGAMENTO DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN OU OCUPACIÓN DE EDIFICIOS.

#### **ARTIGO 1º.-**

De conformidade co previsto no artigo 57 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establecece a *taxa por expedición de licenza de primeira utilización ou ocupación de edificios*.

#### **ARTIGO12:**

2.- O tipo de gravame a aplicar será o seguinte:

<b>Concepto</b>	<b>Euros</b>
Por cada edificio e ata 6.010,12 euros de orzamento do mesmo	58.58
Por cada tramo de incremento de 6.010,12 euros sobre o orzamento	17.20

Elimínase o **ARTIGO 17** in fine.”

ORDENANZA Nº22: REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS E CADEIRAS CON FINALIDADE LUCRATIVA”



## Fundamento legal

### Artigo 1º.

De conformidade co previsto no artigo 57 do R.D. Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a *taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa*.

## Feito imponible

### Artigo 2º.

Constitúe o feito imponible da taxa a ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.

## Responsábeis

### Artigo 4º

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refire o artigo 42 da LXT.

2.- Responderán subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refire o artigo 43 da LXT.

## Cota tributaria

### Artigo 5º.

A cota tributaria consistirá na cantidade resultante de aplicar a tarifa recollida no seguinte cadro, de acordo cos conceptos e importes nel establecidos e atendendo á zonificación do viario municipal que se relaciona no Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral municipal.

Localización da vía	Unidade de débeda	Cota trimestral
Zonas 1, 2 e 3	mesa	32.04
Zonas 4, 5 e 6	mesa	19.87
Zonas 7 e 8	mesa	16.02

Eliminación da primeira parte do artigo 6.4.

6.5.- Ao cabo do trimestre natural polo que se autoriza a ocupación entenderase automaticamente renovada a concesión da licenza, por periodos mensuais. A licenza caducará por acordo expreso da Alcaldía ou cando se presente baixa xustificada polo interesado, ou polos seus lexítimos representantes no caso de finamento. Con independencia da causa que se alegue en contrario, a non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

### Artigo 8º.

Non se aplicarán bonificacións nin reducións para a determinación da débeda que non veñan establecidas nas leis ou tratados internacionais.

## **Infraccións e sancións**

### **Artigo 9º.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como as sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria 58/03 e a súa normativa de desenvolvemento.”

ORDENANZA Nº23:REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHICULOS DE TRACCIÓN MECANICA.

Corríxese a numeración de tódolos artigos

### **Fundamento legal**

De conformidade co disposto no artigo 59.1c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais establececese o imposto sobre vehiculos de tracción mecanica.

## **NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE**

### **Artigo 2**

O Imposto sobre vehiculos de tracción mecanica e un tributo directo que grava a titularidade dos vehiculos desta natureza aptos para circular polas vías públicas.

Considerase vehiculo apto para a circulación o que fora matriculado nos rexistros públicos correspondentes mentres non causara baixa nestes.

Os efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehiculos provistos de permisos temporais e matricula turistica.

Non están suxeitos a este imposto:

- a) os vehiculos que foran dados de baixa no rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certámenes ou carreiras limitadas os desta natureza.
- b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehiculos de tracción mecanica cuia carga util non sexa superior a 750 Kilogramos.

## **SUXEITO PASIVO**

### **Artigo 3**

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que teñan o seu nome o vehiculo no permiso de circulación.

### **Cota de gravame**

### **Artigo 4.**

De conformidade co previsto no Art. 95.4 en relación có 95.1 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/1998 de 28 de decembro,

Reguladora das Facendas Locais, o imposto se esixirá con atención ao seguinte cadro de tarifas. O mesmo resulta de multiplicar a tarifa base incluída no devandito Art. 95.1 do R.D. Lexislativo 2/2004 por un coeficiente de 1,5 en todas as clases de vehículos e tramos de potencia, agás nos turismos de 16 cabalos fiscais en adiante e nas motocicletas de máis de 500 c.c., onde é de aplicación un coeficiente de 1,6.

Clases de vehículos	Cota
<b>A. TURISMOS</b>	
De menos de 8 cabalos fiscais	20.24
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	54.06
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	114.08
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	142.11
De 20 cabalos fiscais en adiante	177.63
<b>B. AUTOBUSES</b>	
De menos de 21 prazas	132.17
De 21 a 50 prazas	187.57
De mais de 50 prazas	235.23
<b>C.- CAMIONS</b>	
De menos de 1.000 kg. de carga útil	67.09
De 1.000 a 2.999 kg. de carga útil	132.17
De mais de 2.999 a 9.999 kg. de carga útil	189.34
De mais de 9.999 kg de carga útil	235.23
<b>D.- TRACTORES</b>	
De menos de 16 cabalos fiscais	28.03
De 16 a 25 cabalos fiscais	44.03
De mais de 25 cabalos fiscais	132.17
<b>E.- REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHICULOS DE TRACCION MECANICA</b>	
De menos de 1.000 kg. e mais de 750 kg. de carga útil	28.03
De 1.000 a 2.999 kg. de carga útil	44.03
De mas de 2.999 kg. de carga útil	132.39
<b>F.- OUTROS VEHICULOS</b>	
Ciclomotores	7.07
Motocicletas ata 125 c.c.	7.07
Motocicletas de mais de 125 ata 250 c.c.	12.03
Motocicletas de mais de 250 ata 500 c.c.	24.05
Motocicletas de mais de 500 ata 1.000 c.c.	47.99
Motocicletas de mais de 1.000 c.c.	96.10

Engádese no artigo 5 “O periodo impositivo coincide co ano natural. A data da esixibilidade do imposto e o primeiro día do periodo impositivo”

Engádese no artigo 10“Estaran exentos do impostos os vehiculos incluídos no artigo 93.1 do Real Decreto 2/2004”.

Para poder obter as exencións ás que se refire o parágrafo e) do apartado 1 do artigo 93 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo

#### **Infracción e sancións**

## **Artigo 11º.**

En materia de tributos locais, aplicarase o réxime de infraccións e sancións regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan, coas especificacións que resulten da presente Lei e as que, no seu caso, se establezan nas Ordenanzas Fiscais ao amparo da Lei.

ORDENANZA Nº24:REGULADORA DO ICIO

### **FUNDAMENTO LEGAL:**

#### **ARTIGO 1º.-**

De conformidade có disposto no Artigo 59.2, párrafo segundo do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese o *Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras*.

### **NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE:**

#### **ARTIGO 2º.-**

O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto en que o feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivese ou non dita licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este Concello.

Se sustituye Beneficios fiscais por EXENCIONES:**ARTIGO 3º.-**

3.- O tipo de gravame será o do **3,03%**.

### **NORMAS DE XESTIÓN, ADMINISTRACION E COBRANZA.-**

#### **ARTIGO 7º.-**

1. O imposto exisirase en réximen de autoliquidación, en función dos índices, módulos e prezos que este ordenanza establece o respecto, ou, no seu defecto e para o caso das “obras especiais”, en función do orzamento presentado polos interesados sempre que estivera visado polo colexio oficial correspondente cando elo constitua un requisito preceptivo.

2. Os suxeitos pasivos están obrigados a practicar autoliquidación polo imposto, e a aboala, en calqueira entidade colaboradora autorizada, previamente a tramitación da licenza, sin que o pago realizado conleve ningún tipo de presunción ou acto declarativo de dereitos a favor de aqueles.

3. O pago da autoliquidación presentada terá carácter provisional e será a conta da liquidación definitiva que se practique unha vez rematadas as construcións, instalacións ou obras.

4. Cuando se modifique o proxecto da construción, instalación ou obra e producirase un incremento do seu presuposto, unha vez aceptada a modificación pola Administración municipal, os suxeitos pasivos deberán presentar autoliquidación complementaria pola

diferencia entre o presuposto inicial e o modificado con suxeción os prazos, requisitos e efectos indicados nos apartados anteriores.

5. Cando os suxeitos pasivos non aboasen a correspondente autoliquidación polo Imposto, nos prazos anteriormente sinalados, ou se presentaran ou aboaran aquela por cantidade inferior, a Administración municipal poderá practicar e notificar unha liquidación provisional pola cantidade que proceda.

Artículo 11.

6. Cando o coste real e efectivo das construcións, instalacións ou obras sexa superior ou inferior o que serviu de base imponible na autoliquidación o autoliquidacións anteriores que foran presentadas e pagadas, os suxeitos pasivos simultaneamente con dita declaración, deberán presentar e aboar, no seu caso, na forma preceptuada no artigo anterior, autoliquidación complementaria do tributo pola diferenza, positiva ou negativa, que se poña de manifesto.

## **INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS:**

### **ARTIGO 10º.-**

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sanciónns que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria 58/03, e o prevenido na Lei de Dereitos e Garantías do contribuinte e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictada para o seu desenrolo conforme ordease no Artigo 12.1 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo”

ORDENANZA Nº25:REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

### **Fundamento legal**

#### **Artigo 1º.**

De conformidade co disposto no artigo 59.2 parágrafo 2º do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese o Imposto sobre o *Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana*.

**ARTIGO 4** eliminado punto a) e c) numerase correctamente  
**Cota tributaria**

#### **Artigo 13º.**

A cota deste imposto será a resultante de aplicar á base imponible o tipo de gravame do 26,75%, en relación co disposto no artigo 108, apartados 2 e 3 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo .

### **Devengo**

#### **Artigo 15º.**

1º.- O imposto devengase:  
(.../...)

### **Artigo 23º.**

No non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na Subsección 6ª, da Sección 3ª, do Capítulo II, do Título II do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Facendas Locais, concordantes e complementarios da mesma e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento

ORDENANZA Nº26: REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONOMICAS

### **FUNDAMENTO LEGAL.**

#### **ARTIGO 1º.-**

De conformidade có disposto no artigo 59.1 b ) do RD Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese o Imposto sobre actividades económicas.

### **Delegación de facultades**

#### **Artigo 14º.**

O Concello delegou na Deputación Provincial da Coruña as facultades referidas nos Arts. 11 e 13 desta Ordenanza, as normas contidas nos devanditos artigos serán aplicábeis ás actuacións que deba efectuar a Administración delegada

ORDENANZA Nº27: REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

### **FUNDAMENTO LEGAL.**

#### **ARTIGO 1º.-**

De conformidade có disposto no artigo 59.1 a ) do RD Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, establécese o Imposto sobre Bens Inmobles.

### **NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE.**

#### **ARTIGO 2.-**

O Imposto sobre Bens Inmobles é un tributo directo de carácter real, cuio feito imponible está constituído pola propiedade dos bens inmobles de natureza rústica e urbán sitios no término municipal, ou pola titularidade dun dereito real de usufructo ou de superficie, ou pola titularidade dunha concesión administrativa sobre ditos bens ou sobre os servizos públicos ós que estén afectos e grava o valor dos referidos inmobles.

### **TIPO DE GRAVAME.-**

#### **ARTIGO 3º.-**

De conformidade co previsto no artigo 72.3 do RD Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmобles, aplicable neste municipio, queda fixado nos términos que se establecen a continuación:

1.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmобles, aplicable ós bens de natureza urbana, queda fixado no **0,62%** sobre o valor catastral dos mesmos.

2.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmобles, aplicable ós bens de natureza rústica, queda fixado no **0,62%** sobre o valor catastral dos mesmos.

## **XESTIÓN TRIBUTARIA**

### **Artigo 6.-**

Conforme o artigo 77 do Real Decreto 2/2004 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais a Xestión do imposto exercerase pola Deputación da Coruña.

## **INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

### **Artigo 7.-**

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da L.X.T.

**Segundo.**-De acordo có previsto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expoñer ó público o acordo adoptado e as modificacións das ordenanzas fiscais por un período de trinta días mediante edicto publicado no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e nun diario dos de maior difusión da Provincia, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes. De non presentarse reclamacións contra dito acordo entenderase definitivamente adoptado.”

Rematada a anterior lectura, e sometido ó asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Facenda, Programación, Estatística e Patrimonio acorda por dous votos a favor (dos Sres. D.Xosé M<sup>a</sup> Permuy Martínez e D. Xose A González Tomé) e coa abstención dos Sres D. Xosé Ivan Puentes Rivera, Dna. Carmen Goti Ramil e Don Manuel Sánchez Martínez, dictaminar favorablemente a proposta anteriormente transcrita e propoñer ó Pleno da Corporación a sua aprobación.”

Aberto o debate, pide o uso da palabra o Sr. Permuy Martínez, quen unha vez concedido, manifesta que hoxe van a aprobar, ou cando menos a intentar a modificación das ordenanzas fiscais e están falando do 85% dos ingresos deste Concello que principalmente se nutren polas taxas e impostos que os veciños e veciñas aboan ao Concello. Continúa dicindo que o grupo municipal e que nos últimos anos como recoñecen a verdade é que a situación cambiou notablemente desfavorecendo ao Concello de Fene.; Continúa o Sr. Permuy dicindo que das reunións en comisión, a maioría dos grupos fixéronse unha proposta de intentar non subir mais aló do IPC galego, que neste caso están falando do 2,9%, e vistos en varias ocasións e durante varios días os informes aportados por Intervención, así como unha parte de ordenanzas doutros Concellos que por parte de intervención se aportaron, supuxo que a maioría das

ordenanzas agás dúas que se manteñen, suben o IPC; Continúa a súa intervención o Sr. Permuy dicindo que subir o IPC tanto de ordenanzas como de impostos mingúan a capacidade do Concello no tema de inversión e que supón facer un esforzo a maiores para conseguir aliviar esta mingúa que poden supoñer non terse axustado os impostos, pois ao mellor hai que facer unha mellor xestión para cubrir ese pequeno déficit; que dándolle unha volta a todas as ordenanzas, precisamente intentando destacar as mais importantes, poden comezar coa nº 2 que é a que regula as instalacións deportivas e culturais onde despois de ver o informe que realizaron os técnicos de cultura e deportes e dado que os custos que hoxe por hoxe supoñen as taxas para os veciños e veciñas de Fene van ou están moi igualados aos custos dos concellos que teñen mais ou menos a mesma instalación que este Concello; que a proposta foi de manter os prezos que ata agora viñan rexendo este curso, e para o vindeiro curso igual; outra das ordenanzas é a de licenzas urbanísticas, a nº 12, onde se manteñen os tipos e o único que se acorda subir é o módulo básico que actualmente é de 404 euros, que é o que indica o prezo por metro cadrado no caso das obras menores que é para onde estase a utilizar; outra taxa que conseguen manter e frear é a da Cemiterio municipal, neste ano dado que os 87 mil euros que está previsto recadar poden xerar un pequeno déficit, a proposta é manter o IPC e aínda que xa di que nos estudos presentados vai haber un déficit asumible, debe terse en conta que tamén se manteñen os investimentos que tódolos anos estanse a facer dentro do cemiterio municipal. Continúa a súa intervención dicindo que quizáis a que mais problema pode ter ou tivo durante o ano pasado foi a taxa de recollida de residuos urbanos, onde houbo unha problemática cós empresarios; que este ano vaise facer a proposta da subida do IPC que supón que os veciños onde lle pasan menos de tres días van pagar 72 euros e onde pasa mais de tres veces pagarán 84; que hai unha modificación importante precisamente para as entidades sociais e é que atendendo á aplicación da lei de subvencións e beneficios fiscais, era imposible atender a petición das entidades sociais e manterse á marxe desa taxa porque agás os pensionistas, os que teñen o salario mínimo interprofesional e persoas en paro, o resto, tódalas entidades, teñen que pagar as taxas, polo tanto na comisión acordaron que ás entidades sociais se lles aplicaríase a taxa de vivendas de menos percorrido, neste caso 72 euros; di que outro cambio que houbo foron taxas ou impostos de vehículos de tracción mecánica onde o incremento tamén é o do IPC; que un dos imperativos que hai marcados por lei é que tódolos interesados que queiran estar exentos deste imposto teñen que facer a súa petición dentro do primeiro bimestre de cada exercicio, iso ten que realizarse anualmente, teñen que presentar toda a documentación, agás os vehículos adaptados porque o necesitan as persoas que o usen; que teñen soamente que facelo cando mercan o vehículo quedando permanentemente en exención da taxa; que tamén vai unha que non é moi importante pero afecta ao imposto sobre construcións e instalacións de obras e aínda que se mantén a base imponible e o tipo de gravame, que ata agora era do 3 e hai unha proposta de subilo ao 3,03 que implica un incremento aproximado do IPC. Continúa dicindo que no imposto de bens inmobles manteñen o tipo de gravame previsto do 0,62 tanto na zona urbana como rústica, tendo en conta que como foi a revisión hai tres anos e aínda estase dentro do período de revisións ten xa os incrementos por lei determinados; que cre que os informes presentados daban que os déficits nas ordenanzas que normalmente están ocorrendo como é a do lixo e o cemiterio, fóronse salvando por varias causas, nunhas por unha mellor xestión como a do lixo que se notou a flota nova de coches, co cal baixou moito o que son os gastos de mantemento dos coches, e iso supuxo que se poida afrontar simplemente co IPC a subida desa taxa.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen unha vez concedido, manifesta que cando empezou a negociación destas taxas para as ordenanzas fiscais para o 2007, o grupo socialista tiña un obxectivo claro que era que esas taxas ou impostos non se



incrementaran moito mais aló que o IPC deste ano, e naqueles servizos que actualmente xa non estaban sendo deficitarios e nos que estíbese incluso por riba doutros Concellos, que esa taxa se puidese conxelar e non repercutise nun incremento maior do que os veciños teñen que pagar ao Concello de Fene, que con ese obxectivo iniciouse a negociación destas ordenanzas fiscais entre tódolos grupos políticos nas diferentes xuntanzas que tiveron entre os membros da Comisión de Facenda, e sobre as ordenanzas que veñen ao pleno que non son todas, poden dicir dende o grupo socialista que é obxectivo tal como dicía o Sr. Permy na súa exposición, practicamente tódalas ordenanzas aplícaselles simplemente o IPC, na práctica tecnicamente non ten por qué ser unha suba xa que se entende que os salarios e as pensións incrementáanse no IPC por tanto aos veciños lles seguiría custando o mesmo eses servizos. Continúa dicindo o Sr. Puentes Rivera que nalgún caso, coma a de Cultura, instalacións deportivas e culturais se conxelan, nin sequera se incrementa o IPC, e ademais hai outras taxas que, froito do diálogo no conxunto das comisións de Facenda, se introducen algunhas melloras, e cabe destacar pola súa repercusión, a do lixo que froito de diferentes queixas e suxestións que chegaron ao Concello por parte de diversas asociacións, acordouse adaptar ese prezo de lixo que se cobraba ás asociacións sen ánimo de lucro abusivo, quizáis no pasado ano; conseguíuse adaptar á súa realidade e á súa capacidade económica, e tamén, e o mais importante, porque si que lle repercute a tódolos veciños de Fene, dende que a proposta do grupo socialista nesta lexislatura empezouse a cobrar por zonas o lixo en función do servizo que os veciños recibían do Concello, se o servizo de limpeza actuaba ou non tódolos días na zona; hai dúas zonas e, polo tanto, dous prezos, que ten provocado unha serie de desaxustes durante este tempo e situacións peculiares onde dous veciños vivindo practicamente na mesma zoa paguen cantidades diferentes. Continúa dicindo que fíxose tamén unha proposta dende o grupo de goberno, dende Intervención, para adaptar esas zonas, para facer unha readaptación das diferentes zonas, aos diferentes prezos da taxa do lixo e que se aplicará este ano e cre que van ser positivos e que van solucionar eses inconvenientes que creou o sistema do lixo nun primeiro momento, di que froito das suxestións e das queixas que lles chegaron por parte de diferentes hostaleiros do Concello, o grupo socialista na negociación das taxas, plantexou que a que regula a ocupación da beirarrúa pola instalación de terrazas que se tiña que renovar trimestralmente, se chegase a un acordo para facer primeiro unha reserva trimestral e a partir de aí reservalas ou renovar esa concesión mensualmente, de xeito que se adaptase mellor ás necesidades dos diferentes locais do Concello de Fene; que son diferentes matices que se foron incluíndo nas ordenanzas e que cren que as melloran substancialmente. Continúa o Sr. Puentes Rivera e manifesta que isto polo que se refire á parte positiva, pero loxicamente hai unha parte negativa que non poden deixar por alto e é que as ordenanzas chegan en novembro, na data límite, "in extremis", para que poidan ser publicadas e aprobadas e que podan empezarse a aplicar o 1 de Xaneiro de 2007 como debera de ser, pero que chegan unha parte das ordenanzas, faltan fundamentalmente a da auga e a do saneamento, que son dúas das grandes e das importantes posto que afectan practicamente a tódolos veciños de Fene, e falta tamén unha ordenanza de nova creación que é a de subvencións que estaría máis xustificado porque estase á espera de que a Xunta de Galicia se pronuncie definitivamente ao respecto, pero a do auga e saneamento, pese a que hai xa quince días ou tres semanas en que Aquagest ten entregado o seu informe, aínda non coñecen oficialmente a postura do grupo de goberno ao respecto desta taxa e, polo tanto, non se puido discutir, non se puido traer a este pleno e se aprobarán as taxas sen que esas dúas, auga e saneamento sexan debatidas e polo tanto non poidan ser aplicadas o 1 de Xaneiro de 2007. Continúa dicindo que cre que é un precedente malo, un precedente, ademais, que ven a cumprir o que o seu grupo ven reiterando dende hai tempo, que é o atraso, primeiro no inicio da revisión das taxas, e logo no inicio tamén dos orzamentos, xa que estase a mediados de novembro e aínda non se coñece a proposta

para o ano 2007. Di que eles seguen aspirando a que o 1 de Xaneiro Fene teña orzamento por primeira vez, pero realmente, visto o das taxas e o que están vendo de que aínda non coñecen cal é a proposta do grupo de goberno verbo dos orzamentos, supoñen que como sempre Fene non terá orzamentos o 1 de xaneiro aínda que seguirán empeñando e esixíndolle ao grupo de goberno que empece canto antes esa negociación para que se poida chegar a un acordo e se poida facer un orzamento novo para Fene; di que en definitiva, este proxecto de case tódalas taxas que se trae a este pleno, é un proxecto de transición, posto que vai afectar ademais a dúas corporacións, á que temos neste momento e á que sairá das eleccións municipais de maio de 2007; como tal, seguindo co punto de vista e o obxectivo que o partido socialista marcara no inicio das negociacións, as taxas non se incrementan ou se conxelan, e di que gustaríalle sinalar neste último pleno de debate de taxas desta lexislatura que é que froito da nova situación política que se creou en Fene despois das eleccións municipais de 2003, e froito tamén do papel responsable e do papel colaborador do seu grupo para facer posible a gobernabilidade do Concello de Fene, estas taxas reflicten un traballo nesa liña de tres anos e hoxe o lixo non se cobra como hai catro anos, a auga tampouco senón que se lle aplican uns criterios de aforro e de desenvolvemento sostible que Fene empezou a marcar hai dous anos a proposta do grupo municipal socialista e que hoxe, tódalas administracións, incluído o goberno de España e os diferentes Concellos de Galicia está xa a marcar e a camiñar nesta tendencia que en Fene se iniciou hai algún tempo, que en calquera caso non se dan por vencidos e o seu grupo seguirá traballando na liña de modernizar aínda máis o Concello de Fene e de incrementar a participación de tódolos veciños na vida diaria do Concello, que foi algo que pretenderon, primeiro con estas modificacións de taxas que incluíron ao longo destes anos de lexislatura e tamén que pretenderon nos últimos orzamentos que se foron negociando co grupo de goberno. Remata o Sr. Puentes Rivera a súa interavención dicindo que dito isto, as taxas que se traen a este pleno cumpren o que o partido socialista se marcara que era non incrementar o custo que os servizos supoñen para os veciños e por tanto estas taxas o grupo socialista as vai votar a favor.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Rodríguez Rico quen, unha vez concedido manifesta que a postura do grupo municipal do Partido Popular durante a lexislatura sobre a subida das taxas, sen perxuízo dos estudos de custos para adaptar algunha taxa ao verdadeiro custo do servizo, sempre se mantivo no criterio de non elevar a taxa ou subir só o IPC; que en innumerables ocasións se lles reprochou que non era legal, xa que a taxa debe tender a cubrir o custo do servizo independentemente da subida do IPC, e igualmente esa foi a solución que propuxeron para tratar de reconducir o problema xerado no 2005 coa ordenanza 18 e que se adoptou no 2006. Continúa dicindo a Sra. Rodríguez Rico que agora o informe de Intervención lles da a razón, xa que no punto segundo apartado a) que se refire á actualización das contías de acordo coa subida do IPC díse que non obstante o certo é que a subida xeral de prezos que ven determinada estatisticamente polo IPC publicado polo Instituto Nacional de Estatística implica unha subida proporcional de ditos custos que tamén proporcionalmente pode ser repercutido no cobro das taxas correspondente para manter o equilibrio sinalado; di que está moi claro que se non estiveran en ano electoral, a proposta que se somete agora ao Pleno sería outra, xa que como tódolos veciños saben, as subidas durante todos estes anos foron xeralizadas e nalgúns casos alarmantes, subidas aplicadas a unhas taxas que son das mais elevadas da comarca, e a solución para prestar un mellor servizo ao veciño non está en subir as taxas senón en xestionar correctamente os medios dos que se dispón ou variar as fórmulas de xestión. Continúa a Sra. Rodríguez Rico a súa intervención e di que respecto á exención de taxas ás sociedades sen ánimo de lucro queren recordar ao pleno que o seu grupo presentou unha moción para que se declarase tal exención que foi rexeitada, e que a sorpresa é ver

agora como o grupo de goberno retoma o asunto e pretende introducilo nalgunha ordenanza, concretamente na nº 2, e se ben como se di no informe de intervención, non é acorde á normativa vixente, si pode chegarse a unha solución adecuada mediante a bonificación, facendo constar nos orzamentos as cantidades destinadas a cubrir o déficit que poidan reportar eses servizos; di que dende o Partido Popular se anima ao grupo de goberno a que se adopte tal solución e a plasme no proxecto de orzamento e que tamén quere reflectir, polo que se refire á ordenanza 18 de recollida do lixo, que presentou tantos problemas o ano pasado, que esperan que agora, coa reorganización levada a cabo, poida dar os seus froitos, se ben é certo que moitos dos recibos mal cobrados o ano pasado non tiveron solución. Continúa dicindo que tamén quere deixar constancia dunha serie de contradicións ou desfases que se constatan nesta proposta das ordenanzas; respecto á recollida de residuos sólidos urbanos deixar constancia que non é de recibo que durante tantos anos de goberno do BNG non se estudiaran nin se atoparan fórmulas alternativas da prestación que permita deter a constante sangría que supón para os orzamentos; que respecto a Radio Fene e a taxa por publicidade o certo é que levan anos esperando un informe económico que non chega, que estiman que esta é outra sangría aos orzamentos, que nunca se tratou de afrontar; con respecto ás taxas da ordenanza 22 das terrazas di que cren que a fórmula de prórroga automática despois do trimestre pode crear problemas aos administrados ao ter que facturar mensualmente na prórroga e se non se explica ben pode crear confusión; con respecto á ordenanza nº 13 de expedición de documentos di que consideran que resulta desorbitada e contradictoria, mentres que se chega a cobrar por folio de arquivo 1.66, por compulsas 0.77, os documentos en soporte informático soamente se cobra 2 euros. Con respecto á ordenanza 14 por autorizacións a autotaxis, di que estiman que debería ser máis completa e regular a baixada de bandeira así como outros extremos relativos á prestación deste servizo; en canto á ordenanza 16, prestación de servizos no cemiterio municipal, di que volven a insistir en que hai dobre imposición ao gravarse a transmisión mortis causa dos nichos posto que isto xa se paga no imposto de transmisións. Remata a súa intervención a Sra. Rodríguez Rico dicindo que en base a todo iso o Partido Popular vai votar en contra das ordenanzas que se presentan, independentemente da de auga e saneamento que quedan pendentes.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez, quen unha vez concedido manifesta que estando de acordo, que é verdade que era un obxectivo que se perseguía que o 1 de xaneiro as ordenanzas estiveran aprobadas, para eles, e así o manifestaron na comisión e o volve manifestar aquí, que viron que houbo demasiada prisa en adiantar isto, que dende o día da comisión ao día de hoxe pasaron dous ou tres días, e para eles nin para ninguén debería ter unha importancia tan capital que entraran o día 1 ou que entraran o día 10. Di que tamén é verdade que aquí non se aproban todas as ordenanzas e isto é algo que choca bastante cunha posición que se mantivo sempre polo seu grupo que á hora de votar ordenanzas, se se votaban por grupos, a algunha se podería dicir que si ou que non, e esta vez extrañalle que se poida chegar a esta situación, ademais que as ordenanzas que quedan son as que van ser conflictivas; que os motivos cre que son de todos coñecidos, este ano se xunta por unha parte unha subida de auga de Emafesa, toca negociar cada dous anos segundo o contrato que hai, e se a isto se une que o ano pasado as taxas da auga estiveron conxeladas, se a isto se une, polos números que hai, que parece ser que é deficitaria, cando chegue o momento da negociación ve que vai ser conflictivo. Continúa o Sr. Sánchez Martínez dicindo que hai vinte que suben o IPC, que houbo modificacións positivas na maior parte delas que se aplica o 2,9 que é o IPC de Galicia do mes de setembro, que hai dúas que se conxelan, unha é a das instalacións deportivas que como todos saben é a ordenanza máis deficitaria e hai outra que é a do IAE, e que se diga que se conxela é relativo, porque unha cousa é que se conxelen

os valores pero o volume de vendas que hai dun ano a outro sempre aumentan, os prezos soben e os ingresos subirán o que corresponda, e por outra parte que sería unha incongruencia que se cada ano ás porcentaxes que se aplican se lles sube o IPC, chegaría un momento que estarían ao 100%; di que hai outra que a do lixo, que pasa do 3 ao 3,03% que sube un pouco mais, e quedan pendentes as dúas que antes dicía; que analizando isto, ven que houbese un equilibrio entre gastos e ingresos que se producen nas ordenanzas, a situación é a ideal e todos encantados, aínda que co IPC eles non están dispostos a que se suba mais; que aquí hai que analizar isto tamén pois é a medio e a longo prazo, que os inconvenientes que se ven neste momento que non hai un equilibrio entre gastos e ingresos en bastantes ordenanzas, que os impostos de Fene ven que están entre os mais altos da comarca e da provincia, e que isto significa, como xa dixeron moitas veces, que o que son o 55% que dicía o grupo de goberno os ingresos que se obteñen dos veciños, se non tocan teito están moi próximos e pouco mais se poderían subir e cando ven estas situacións teñen unha serie de dúbidas e preghunta xa que se van celebrar o ano que ven eleccións, que vai pasar cando esa situación se produza; que é unha tarefa que teñen que acordar os novos que entren, pregunta se subirán os impostos, se manterán o déficit, se buscarán informes de equilibrios, se equilibrarán os ingresos cos gastos, ou se continuará co problema que hai; di que as cousas non hai que velas neste momento soamente, hai que ver o que vai vir detrás, os aumentos de ingresos dos Concellos que poden chegar, que dende o seu grupo sempre se estivo barallando a nivel de estado unha distribución dos ingresos que fóra mais equitativa, que co actual goberno vai haber un pequeno cambio, pero con ese cambio non van variar moito esas situacións das que falou; que hai dous exemplos que poden ser instructivos, un é a ordenanza nº 2 de instalacións deportivas, que se conxelan, que hai unha razón para elo, que é das mais altas da comarca,; que se se sube diminuiría o número de usuarios e as perdas serían maiores, que non se pode pretender no que é cultura e deporte que se acade un equilibrio, xa qye exusteb unha serie de instalacións que unha vez que están hai que mantelas. Continúa dicindo que outro exemplo que pode oñer é na recollida do lixo, que os números dos estudos falan en números redondos de trinta a un mil euros de déficit, e se se perde isto, sendo un pouco optimista, saben que as perdas para o ano que ven van ser iguais, seguramente un pouco maiores, polo que ve que o problema continúa e que estas subidas do IPC cre que son debidas a unhas eleccións que están aí; di que lle gustaría votar a favor pero non pode pola serie de motivos que explicou, porque non pode ser cómplice de que a partir do un de xuño do ano que ven, o que non se subiu este ano se subirá en anos posteriores, que se fan un pequeno análise da situación, o futuro é bastante fácil de ver, coa poboación que moito non vai crecer, e que a empresa principal existente que é Astano está nunha incerteza, polo que non lle estrañaría que pasara o peor vendo as cousas que hai. Remata o Sr. Sánchez Martínez a súa intervención dicindo que polo exposto non lles queda máis remedio que absterse.

De seguido intervén o Sr. Alcalde e manifesta que a Sra. Interventora quere facer unha aclaración e unha vez concedido o uso da palabra, a Sra. Interventoria intervén e solicítalle á Sra. Rodríguez Rico se lle pode repetir o que dixo do punto segundo do seu informe do IPC. A Sra. Rodríguez Rico da lectura ao manifestado anteriormente e a Sra. Interventora di que iso ten que poñelo en relación co parágrafo de enriba porque senón non ten sentido, e pasa a lelo enteiro que di: "... as contías contidas nas ordenanzas fiscais de Fene obedecen aos estudos correspondentes e memorias técnico-económicas realizadas no momento da súa aprobación inicial existindo unha grande diverxencia entre as mesmas polo que se refire á sinalada na data. Ditas memorias fan referencia como obriga o artigo 25 do texto refundido da lei das facendas locais aprobado por real decreto legislativo 2/2004 a imputación dos custos directos e indirectos que implican para a administración a prestación dos servizos, non podendo por

mandato do artigo 24 da mesma norma superar na súa contía dito custo global, non obstante é certo que a suba xeral dos prezos que ven determinada estatisticamente polo IPC publicado polo Instituto Nacional de Estatística implica unha suba proporcional de ditos custos que tamén proporcionalmente pode ser repercutido no cobro das taxas correspondente para manter o equilibrio sinalado nas anteditas memorias...". Continúa a Sra. Interventora e manifesta que a ela parécelle que non o está a poñer en relación co parágrafo de enriba, que é que proporcionalmente nas memorias e nos estudos económicos se pode ter en conta o IPC respecto ao momento en que se fixo a aprobación da ordenanza, pero non entende o que quería dicir a Sra. Rodríguez Rico en base ao seu informe. A Sra. Rodríguez Rico manifesta que en base ao informe de intervención se pode aplicar a subida do IPC, e a Sra. Interventora di que sempre tendo en conta a memoria económica porque se soamente lee a segunda parte parece que non fixo mención aos estudos de custos.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Permuy Martínez quen, unha vez concedido manifesta que quere dicir unha cousa, que quedaban dúas taxas e así se acordou na comisión de facenda, que son as de auga e saneamento que habida conta de que xa fai un ano case que Aquagest presentou unha revisión en base ao baixo consumo do sector naval e precisamente Astano, iso trae consigo unha discrepancia entre o Concello, e a empresa subministradora da auga, que de feito hai un informe previo que ten que facer Secretaría que está nesa fase, e que non obstante no 2006 tiña que haber unha subida oficial cada dous anos pola fórmula polinómica e o que o que se fixo foi, dado que esa discrepancia segue a existir e é un tema xurídico propiamente dito, foi que solicitou a Aquagest que presentara a subida na fórmula polinómica que lle corresponde como empresa subministradora da auga, que é o tema da perda ou non no consumo con respecto a Astano, que é un tema que haberá que dirimir xudicialmente. Continúa o Sr. Permuy dicindo que por outra banda as subidas deste ano do IPC veñen encamiñadas que cando se fan uns informes e cando se fai a xestión pois está dando o seu froito no sentido de que se vai por un lado ao contemento de gastos pero por outro lado tamén teñen que dicir, e se acusou ao goberno do BNG de que hai anos fixo subidas esaxeradas precisamente no tema do lixo, pero todos teñen que recordar e parece que se esquece, que Marraxón houbo que pechalo urxentemente, houbo que entrar en Sogama a toda presa, que Sogama fixo subidas do 25% dun ano para outro en goberno do Partido Popular, e que hoxe por sorte os novos gobernos teñen mais en conta os criterios dos Concellos e as subidas son do IPC, polo tanto, se ven por un lado as boas xestións que se están a realizar cos novos apoios que están dando estas Consellerías coa renovación do parque e flota de camións aos concellos que teñen a recollida propia, e por outra banda estase a ver que Sogama segue a manter os incrementos dentro do período aceptable do IPC é que non poden cobrar por enriba do orzamento, e que tamén é certo e así respostalle ao concelleiro de EU que sabían que partían dun déficit de sobre cinco millóns de pesetas, que poden ser mellorables sempre que se incremente o número do polígono, que é unha cuestión que para o vindeiro ano verase; que hai outro tema importantísimo que non explicou, que as ordenanzas culturais e deportivas, dende hai moitos anos hai unha taxa, ou unha diferenciación ou unha bonificación para tódalas entidades sociais, tanto no pavillón como na utilización da casa da cultura e outro tipo de instalacións, e que iso trae consigo, coa normativa de que non hai bonificacións, que haxa que regulalo, e é certo que intervención falou de que ese tema había que regulalo e están no tema dunha regulación; que o mesmo pasou co tema do lixo que uns estaban exentos e outros pagando e ao final se fixo unha modificación para axustalas todas á vez, que simplemente foi unha adaptación á lei, pero de sempre os equipos concertados tiveron bonificación na utilización do pavillón, ao igual que as entidades sociais sen ánimo de lucro tiveron de sempre a casa da cultura e calquera local público gratuíto.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera, quen unha vez concedido manifesta que en relación á taxa da auga, para eles realmente non hai ningunha desculpa que lles valga para dicir que a ordenanza da auga non se trae hoxe a pleno porque nestes catro anos de legislatura vivíronse momentos moitísimo mais difíciles de discusións e de discrepancias serias á hora de aprobar as taxas municipais, de reunións intensas e ao final sempre se trouxeron todas as ordenanzas a pleno, neste ano no que realmente houbo dende un primeiro momento unha coincidencia mais ou menos plena, cunha negociación que cualificaría de cordial incluso, e de relaxada das taxas municipais, non é comprensible que a taxa da auga non se poida traer a pleno ao mesmo tempo cas demais, cando por riba dende o grupo socialista dende hai meses se leva reclamando ese informe de Aquagest e esa reunión da comisión da auga para avaliar cal é o estado do servizo da concesionaria da auga en Fene e tamén para ter un punto de vista e un criterio marcado por esa comisión que poida orientar á de Facenda sobre qué facer coa taxa da auga; que hai un informe de Aquagest entregado hai tres semanas, e pasaron dúas comisións de facenda dende aquela e aínda non hai un informe técnico sobre que é o que o Concello pensa sobre esas recomendacións de Aquagest, é dicir, non é normal e de feito non pasa na maioría dos concellos e nin pasou en Fene nunca que non se aproben as ordenanzas todas xuntas e todas á vez, e non é normal tendo esa situación que dicía ao principio de predisposición ao diálogo e aparente calma e tranquilidade na negociación das taxas, pero a postura do grupo socialista, xa que o voceiro do BNG avanzou cal é a postura do BNG, a inicial do Partido Socialista, que se matizará e se poderá pulir nas distintas reunións que haxa, é de non incrementar tampouco o prezo da taxa da auga, que teñen dúbidas moi serias sobre o cumprimento por parte da empresa concesionaria do servizo da auga dese convenio que ten asinado co Concello de Fene, teñen dúbidas moi serias sobre a auga que se perde na rede de tuberías, que se derrocha, auga que se compra a Ferrol pero logo non se chega a vender nunca aos veciños de Fene e iso está en relación directa coa competencia, cun mandato que ten Aquagest por convenio que é o do mantemento da rede de auga no Concello de Fene, é un exemplo dos moitos dos que poden falar, poden tamén falar de cómo se pasaron recibos durante este ano computando como cero o consumo dun mes e ao mes seguinte pasándolle aos veciños o consumo dos dous meses para cobrarlle a auga mais cara posto que así saltaba de tramo, é dicir, con eses mimbres a verdade é que non se pode facer o contexto mais axeitado para que poidan estar predispostos a revisar á alza unha taxa da auga que xa é cre que bastante cara. Continúa o Sr. Puentes Rivera dicindo que diso falarase nas diferentes comisións, e simplemente quere facer unha referencia á postura que os diferentes grupos manteñen neste pleno, especialmente a postura do Partido Popular, que a verdade é que tivo que chegar a este pleno para coñecer cales eran os argumentos, e cre que isto é bo que o coñezan os veciños, cales eran os argumentos que o Partido Popular ían aducir para votar en contra das taxas porque supoñía que ían votar en contra, a pesares de que nas diferentes comisións informativas de facenda todo isto que hoxe se trae a plenos e aprobou por unanimidade de tódolos grupos, posto que todos partían dunha postura inicial de incremento do IPC ou de conxelación; di que con respecto ao que dicía tamén a voceira do Partido Popular sobre incrementos nas taxas en anos anteriores, recordar algo que tocaba tamén o voceiro do BNG, o incremento grande que él lembra durante estes catro anos de legislatura foi a do lixo que subiu o 25% pero non porque os grupos do concello de Fene decidisen que subira o 25%, senón porque a Xunta, gobernada polo Partido Popular, permitiulle a Sogama que lle incrementase nun 25% o que lle cobraba ao concello de Fene para levar ese lixo a Cerceda, por iso subiu o 25%, e non escoitou daquela ao Partido Popular criticar esa postura da Xunta de Galicia, nin escoitou daquela ás concelleiras do Partido Popular rexeitar o comportamento do goberno autonómico que sí que obrigaba ao Concello de Fene a aplicar esa taxa no 25%, e

no resto como xa dixo nalgunha outra sesión plenaria, hai dúas posturas, hai a postura que cre que sempre mantivo o Partido Socialista que foi de ser consciente de cal é a realidade electoral en Fene, de que ningún grupo ten maioría absoluta e que deben pactar, dialogar e chegar a acordos para facer isto gobernable e para solucionar ós problemas dos veciños de Fene, e hai outra postura que é a de chegar ao pleno e votar sempre que non a todo e que os veciños se apañen e que os demais grupos da oposición achanten co papel que lle toca a cada quen di que é sorprendente que neste caso non escoitou ningunha crítica nas comisións e que hoxe se formulen no pleno, e sobre todo é sorprendente cando cre lembrar que os demais anos o Partido Popular votaba sempre en contra argumentando as taxas que se incrementaban por riba do IPC e o PP soamente quería subir o IPC e este ano que se sube o IPC tamén votan en contra non sabe ben porqué, pero en calquera caso, como xa dixo na comisión, o grupo socialista vai ser coherente co que dixo nas comisións informativas, co que pensou ao longo destes catro anos, e como estas taxas non supoñen un incremento para o custo dos veciños van votar a favor.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Rodríguez Rico, quen unha vez concedido manifesta que por qué o Partido Socialista sempre estivo en contra a que se incrementase o IPC e agora resulta que agora é a fórmula máxica; que en anos anteriores nunca estivo de acordo co incremento do IPC, agora resulta que é unha fórmula máxica. Continúa dicindo que con respecto ás comisións que houbo de Facenda, eran comisións informativas, na única que houbo que ditaminar foi na do venres pasado e a representante do Partido Popular non asistiu por problemas laborais, pero nas outras comisións non se ditaminou, e podían considerar estar de acordo en que se incrementase o IPC, pero unha vez que sae a proposta que se lles presenta o seu grupo fixo as valoracións oportunas e chegaron ás conclusións que chegaron, entón no cre que se lles ataque porque son bastante coherentes coas propostas, e nas outras comisións estiveron de acordo, pero é evidente que se non houboese unhas eleccións á esquina nin a proposta nin a situación ía ser esta, porque da a casualidade de que se se poñen a mirar os plenos das ordenanzas dos anos anteriores, este pleno é similar ás propostas que houbo no 2003, por iso buscan a comparativa de porqué se presenta esta situación agora; que se non houboese eleccións non se ía presentar e dende logo o Partido Popular vai votar en contra.

Rematado o debate o Sr. Alcalde-Presidente somete a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Programación Estatística e Patrimonio de data 17 de Novembro de 2006, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12) dos/as sres/as Rivera Arnosó, González Vizoso, González tomé, Pico Sanmartín, Permuy Martínez, Martínez gonzález, Couto Seijido, Puentes Rivera, García Bermúdez, Rodríguez Carballeira, Goti Ramil e López Yáñez.

Votos en contra: catro (4) das sras. Rodríguez Rico, Blanco Pico, Malvar Fernández e Fornos Corral.

Abstencións: unha (1) do Sr. Sánchez Martínez.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Programación, Estatística e Patrimonio de data 17 de Novembro de 2006, anteriormente transcrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezanove horas do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace,  
Alcalde-presidente

A secretaria,

Asdo. Xosé Mª Rivera Arnosó.

Asdo.: Pilar Mª Pastor Novo.